



# Protocolo para a realización de exames

## Bacharelato e Educación Secundaria para Adultos

- O alumnado deberá presentarse ao exame provisto de DNI, NIE, pasaporte ou carné de conducir, e sen gafas de sol, gorros, ou calquera outro elemento que dificulte a súa identificación.
- O alumnado poderá introducir na aula unha mochila, bolso, carteira ou bolsa de deporte, con todas as súas pertenzas, ás cales non poderá acceder mentras estea realizando o exame.
- Durante a realización do exame o alumnado **non poderá acceder á aula con teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico activados. Tampouco poderá utilizar ningún dispositivo de comunicación non autorizado.**

O alumnado deberá ser informado con claridade desta norma ao inicio das probas.

- O alumnado, unha vez disposto no seu asento e realizada a comprobación **de que non leva dispositivos non autorizados, deberá manter despexados os pavillóns auditivos durante as probas.**
- O profesorado deberá facilitar a realización de exames cando o alumno ou alumna teña dous ou máis á mesma hora, permitindo a realización dos mesmos na hora posterior ou anterior á que figura no horario e no tempo de descanso entre exames, sempre dentro da franxa horaria correspondente á realización de exames.
- O profesorado encargado da realización, repartirá os exames cando comece a hora prevista e o alumnado xa estea sentado.
- Os exames deberán realizarse a bolígrafo azul o negro, salvo indicación expresa.
- Os exames non se poderán facer integramente en letras maiúsculas.
- No caso dos exames tipo “test”, cando exista a opción de facelos en galego ou castelán, deberá avisarse ao alumnado para que responda soamente nunha das linguas.
- O alumnado deberá permanecer dentro da aula ata pasados como mínimo vinte minutos desde que se repartiron os exames. Dentro dese tempo, permitirase a entrada de novo alumnado ao exame. O alumnado deberá ser informado desta circunstancia ao comezar o seu exame.



- **No caso de que na realización do exame o profesorado detectara a alguén copiando ou non respectando estas instrucións, o alumno ou alumna poderá ser obxecto das seguintes medidas disciplinarias: expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos e posible anulación das probas xa realizadas.**
- No momento no que un alumno ou alumna remate o seu exame, deberá entregalo e firmar na folla de sinaturas para que quede constancia de que se presentou ao exame. Nese intre presentará a súa documentación para proceder a identificalo.
- Cando o exame entregado conste de dúas ou máis follas, os datos do alumno e do exame deberán figurar en todas as follas. Estas follas grampanse nese mesmo intre diante do alumno ou alumna.
- Avisarase ao alumnado cando queden 10 minutos para que remate o prazo de realización do exame.
- Os exames resoltos deberán ser devoltos dentro do mesmo sobre, se é posible en orde alfabético.
- Ao rematar o exame, o profesorado deberá cubrir a táboa estatística indicando o número de asistentes.
- Se ao rematar a xornada sobran algúns exemplares dos exames, poderán entregarse ao alumnado que o solicite ou deixarse na conserxería do centro.